

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 6 DE XULLO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Cuntis, da estrada EP-8405 Portela–Couselo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o conxunto parroquial de San Martiño de Barcia de Mera, situado no termo municipal de Covelo (Pontevedra).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Lugo para a execución do Plan de sustentabilidade turística “Et edendo Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía” no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a licitación da obra de construción dun edificio de 38 vivendas de promoción pública, garaxes e rochos na parcela M-IVA-10 do Plan parcial de San Paio de Navia, en Vigo, expediente PO-2021/010, cun orzamento de licitación de sete millóns cento oitenta e oito mil seis centos trinta euros con quince céntimos (7.188.630,15€), IVE incluído, e un valor estimado de seis millóns cinco centos trinta e cinco mil cento dezaioito euros con trinta e dous céntimos (6.535.118,32€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se toma razón da presentación da segunda memoria anual, xullo 2021 - xuño 2022, do Plan de transporte público de Galicia e do proceso de integración de distintas modalidades de transporte público da competencia da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Mellora de accesos ao CHUAC (contratación conxunta de proxecto e obra), cun orzamento base de licitación de vinte e catro millóns cento noventa e catro mil novecentos sesenta e un euros con quince céntimos (24.194.961,15€) e un valor estimado de dezanove millóns novecentos noventa e cinco mil oitocentos trinta e cinco euros con sesenta e seis céntimos (19.995.835,66€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria da manifestación de interese para a consolidación e dinamización da Rede de viveiros industriais de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de balóns especiais de dilatación coronaria e valvular con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, tramitado co nº de expediente SI-ASV1-23-025, para un período de dous anos de contrato máis tres anos de prórroga, e cun orzamento de tres millóns trescentos once mil catrocentos noventa e un euros con setenta céntimos (3.311.491,70€), IVE incluído, e un valor estimado de sete millóns trescentos oitenta e nove mil douscentos setenta e nove euros (7.389.279,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións de Emprendemento Plus para apoiar o investimento e a creación de emprego co obxectivo de fortalecer e consolidar iniciativas de emprendemento de persoas autónomas e pemes, susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (apoio ao investimento) e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para as anualidades 2023-2024, por importe de seis millóns de euros (6.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) da Consellería do Medio Rural á exención da achega de garantías na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a execución de proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027, convocadas para o ano 2023 por importe de cinco millóns cincocentos oitenta mil euros (5.580.000,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a ampliación en 30 millóns de euros dos fondos da convocatoria 2023 da axuda para a mellora da eficiencia enerxética de edificios.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de recuperación e resiliencia en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as intervencións arqueolóxicas 2023.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o cribado oportunista do VIH nos servizos de urxencias hospitalarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE CUNTIS, DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA AS PARROQUIAS DE PORTELA E COUSELO

- Transfírese á entidade local a totalidade da vía EP-8405, cunha lonxitude de 1,3 km
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Cuntis, da estrada EP-8405, que comunica as parroquias de Portela e Couselo.

O Concello de Cuntis solicitou a transferencia da vía provincial e a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade da vía EP-8405, de preto de 1,3 quilómetros de lonxitude, comprendida entre os puntos quilométricos 0 e 1+259.

A transferencia a prol do Concello de Cuntis tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.


Co cambio de titularidade, o Concello de Cuntis terá a competencia para actuar na estrada EP-8405 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN BIC DO CONXUNTO ARQUITECTÓNICO DE BARCIA DE MERA, EN COVELO, COMO MOSTRA EXCEPCIONAL DO BARROCO NO RURAL GALEGO

- O Consello da Xunta dá o visto e praxe ao decreto na categoría de monumento que abrangue a igrexa parroquial, a casa reitoral, espazos anexos e bens mobles
- Tras a súa incoación non se recibiron alegacións e obtivéronse os informes favorables da Real Academia de Belas Artes, Universidade de Vigo e Consello da Cultura Galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que declara ben de interese cultural (BIC) na categoría de monumento o conxunto parroquial de San Martiño de Barcia de Mera, en Covelo, na comarca pontevedresa da Paradanta. A declaración chega tras os informes favorables da Real Academia de Belas Artes, da Universidade de Vigo e do Consello da Cultura Galega e culmina así un proceso en que non se rexistraron alegacións.

O decreto valora o valor histórico do conxunto, que se califica como “mostra excepcional” da arquitectura da Diocese de Tui dos séculos XVI e XVII e, por extensión, da arquitectura barroca desenvolvida no medio rural galego. Tamén se valora a “elevada calidade” de todas as construcións e o uso dunha fábrica de cantería de granito que “lle outorga unha gran monumentalidade ao ben”.

Este é o primeiro paso da folla de ruta do Goberno autonómico para este conxunto, xa que a Xunta de Galicia ten previsto participar tras a redacción do proxecto en que se definan os seus usos e, despois, o Concello podería acollerse ao 1,5% cultural para acometer a rehabilitación do inmovible. Con este, declaráronse xa 107 BIC desde a entrada en vigor da Lei de patrimonio cultural de 2016, o que supón que Galicia teña na actualidade un total de 781.

Amplo conxunto

O expediente inclúe o mapa que delimita o conxunto de edificacións, construcións e terreos protexidos. Como se explica no documento, a liña exterior do denominado igrexario de Barcia de Mera é asimilable coa parcela catastral da que é titular a Diocese de Vigo-Tui e englobaría a totalidade do conxunto parroquial.

Para a delimitación do contorno de protección tomouse como referencia a topografía, tratando de definir a cunca visual, e empregáronse os elementos xeográficos que constitúen límites físicos de por si, como o río Alén, que tamén marca a división entre

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

municipios e os camiños e estradas que acostuman separar eidos distintos e o parcelario histórico na escala máis miúda.

A declaración afecta un amplo conxunto de edificacións, construcións e terreos: a igrexa parroquial, a casa reitoral, as construcións e espazos vencellados a estas, o adro da igrexa e o igrexario. Tamén se protexe un total de 26 bens mobles procedentes do interior do conxunto arquitectónico de Barcia de Mera, entre os que se inclúen distintas tallas relixiosas e cruces procesionais e de relicario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO CONVENIO CO CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA “...ET EDENDO LUCUS: UN PERCORRIDO HISTÓRICO POLA ENOGASTRONOMÍA”

- O Plan territorial de sustentabilidade turística Enogastronomía de Galicia ten como obxectivo a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel, poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia
- Engloba diversas actuacións como a recuperación, na ribeira do Miño, do edificio Fábrica da Luz para a creación dun centro de enogastronomía, a homologación de 22 sendas peonís e a recuperación de oficios tradicionais, actividades e artesanía vinculada coa enogastronomía, entre outros
- Ademais, prevé a creación dun club de produto que poña en valor a enogastronomía e defina tamén rutas enogastronómicas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Lugo para a execución do Plan de sustentabilidade turística “...Et edendo Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía”, por importe total de 2M€.

O Plan inclúe a recuperación, na ribeira do Miño, do edificio Fábrica da Luz para a creación do centro de enogastronomía; a homologación das 22 sendas peonís que percorren o municipio; programa de asesoramento enerxético orientado a pemes do sector turístico; implantación de puntos de recarga que impulsen unha mobilidade eléctrica entre puntos de interese turístico (vehículos eléctricos + bicicletas); emprendemento turístico orientado cara ao turismo sustentable enfocado nos recursos turístico endóxenos (patrimonio, natureza, gastronomía, actividades nocturnas, etc); a recuperación de oficios tradicionais, actividades e artesanía vinculada coa enogastronomía.

Ademais, prevé a creación dun club de produto que poña en valor a enogastronomía, defina rutas enogastronómicas (tapas, sustentable, produto de proximidade, produtos de temporada, ...) e comercialice actividades.

Plan territorial Enogastronomía

O Plan territorial de sustentabilidade turística Enogastronomía de Galicia ten como obxectivo a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel, poñendo en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia. Está dotado dun orzamento de 31,9M de euros e está estruturado arredor de 3 actuacións de cohesión en destino (ACD), cun investimento de 14,9 M€ e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 17 M€.

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable desde os destinos e a potenciación do territorio enogastronómico galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo son os obxectivos arredor dos cales se vertebra este plan, cun forte contido na dixitalización e na innovación gastronómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA LICITAR POR 7,2 M€ A CONSTRUCCIÓN DE 38 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN SAN PAIO DE NAVIA, AS PRIMEIRAS DA AMPLIACIÓN DESTE BARRIO VIGUÉS

- O novo inmoble, dividido en 3 sotos, planta baixa, 3 andares elevados e ático, edificarase en terreos do polígono 1 de Navia, onde o IGVS prevé en total 207 VPP
- Unha vintena das vivendas terán 3 dormitorios e as 18 restantes, 2, cunha superficie que se moverá entre os 90 e os 91 m² no primeiro caso e os 72 e os 79 m² no segundo
- O Goberno galego acometerá de forma simultánea as obras de urbanización da fase 1 da ampliación, licitadas por 14,3 M€, e os traballos construtivos do futuro edificio

A Xunta de Galicia investirá preto de 7,2 millóns de euros na construción de 38 vivendas de promoción pública (VPP) en terreos localizados na primeira fase da ampliación do barrio residencial de San Paio de Navia, na cidade de Vigo.

O Consello autorizou hoxe a licitación destas obras, que se executarán ao longo das anualidades 2023, 2024 e 2025. Trátase do primeiro grupo de VPP cuxa construción se licita no polígono 1 de Navia, onde o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) prevé promover un total de 207 vivendas públicas, todas elas con proxectos de obra xa en redacción ou ben licitados.

A nova promoción emprazarase nunha parcela cunha superficie de ao redor de 1.297 metros cadrados. O inmoble coas 38 VPP disporá de 3 plantas subterráneas, onde se sitúan os garaxes e algúns dos rochos, e dunha planta baixa, onde se localizan os 2 portais de acceso ás vivendas, o resto dos rochos, os locais comunitarios, os cuartos de instalacións comúns e os locais destinados a almacenamento de residuos.

Ademais, nas 3 plantas altas haberá 30 vivendas –10 en cada unha–, e na do ático situaranse as outras 8 vivendas. En total, o edificio terá 20 vivendas de 3 dormitorios (das cales 2 estarán adaptadas para persoas con mobilidade reducida) e 18 con 2 estancias; 70 prazas de garaxes (2 delas accesibles), e 38 rochos (2 tamén accesibles).

A superficie das vivendas de 2 dormitorios oscila entre os 72 e os 79 metros cadrados de superficie útil, mentres que as de 3 dormitorios moveranse entre os 90 e os 91 metros cadrados. Así mesmo, as 2 vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida, emprazadas na planta do ático, terán una superficie útil de 101 metros cadrados.

Por último, co fin de axilizar ao máximo os prazos, a edificación destas 38 vivendas públicas realizarase de forma simultánea coas obras de urbanización previstas no polígono 1 de San Paio de Navia, que están xa na fase final da súa licitación e correrán a cargo do IGVS, cun investimento estimado en 14,3 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que o ámbito previsto para ampliar este barrio residencial vigués abrangue unha superficie de 265.000 metros cadrados cuxo desenvolvemento foi dividido en tres polígonos ou fases.

En total, prevese realizar un investimento público-privado de ao redor de 250 millóns de euros co fin de habilitar un total de 1.600 novas vivendas protexidas, entre as que serán construídas directamente polo IGVS –incluídas as 38 VPP cuxa licitación foi autorizada hoxe– e as promovidas por cooperativas e construtores privados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A MEMORIA ANUAL DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA CONSTATA O CRECEMENTO CONTINUADO DA OFERTA DE SERVIZOS E A PROGRESIVA RECUPERACIÓN DA DEMANDA

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe a segunda memoria anual publicada do Plan de transporte público de Galicia, dispoñible xa para a súa descarga na páxina web bus.gal
- Reflicte o incremento de máis de 110 novas liñas de autobús, máis de 28.500 servizos ao ano e o crecemento de case 7 millóns de viaxeiros desde o exercicio anterior
- O documento recolle as melloras desenvolvidas entre xullo de 2021 e xuño de 2022, como os servizos a centros penais, a adaptación dos horarios do bus para garantir a coordinación coa chegada do AVE a Ourense, e os avances na información dos servizos
- O servizo de transporte público interurbano autonómico rexistra un incremento do 33% do número de viaxes desde o curso anterior, ata superar os 27,6 millóns, consolidando a recuperación progresiva da demanda tras a caída pola COVID-19
- Destaca o uso da tarxeta Xente Nova, coa que os menores de 21 anos realizaron o dobre de viaxes gratuítas nos autobuses da Xunta por toda Galicia ca o curso anterior, ata superar os 4,3 millón de viaxes
- A memoria dá conta do traballo de revisión continua dos servizos que se prestan co obxectivo de acadar un transporte interurbano mellor adaptado ás necesidades dos cidadáns, no que a calidade do servizo acada unha puntuación global de 7,9
- Salienta o investimento de máis de 76 M€ da Xunta para financiar os servizos de autobús interurbano e as achegas extraordinarias feitas para garantir a viabilidade do sector e o mantemento dos empregos, por mor da COVID-19 e o custo dos combustibles

O Consello da Xunta abordou hoxe os resultados do informe anual realizado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre a evolución do transporte público interurbano de competencia autonómica, no cal se constata un crecemento continuado da oferta de servizos de autobús e a progresiva recuperación da demanda de usuarios.

Así o reflicte a *Memoria anual do Plan de transporte público de Galicia xullo 2021-xuño 2022*, avaliada hoxe polo Goberno galego, na cal destacan especialmente os datos de incremento de máis de 110 novas liñas, preto de 28.500 servizos ao ano e a recuperación de case 7 millóns de viaxeiros desde o curso anterior.

Esta memoria anual do Plan de transporte público de Galicia está desde hoxe dispoñible para a súa descarga na páxina web bus.gal. Trátase do segundo balance exhaustivo realizado tras a renovación completa do transporte público interurbano por estrada

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestionado pola Xunta, a través de 127 concesións que operan as 3.570 liñas que na actualidade prestan servizo na comunidade autónoma.

Nesta nova análise repásase a transformación do sistema de transporte público autonómico iniciada en 2016 e detállase o seu funcionamento entre xullo de 2021 e xuño de 2022, recollendo un curso lectivo completo, debido á importancia do transporte de escolares que, cada día, leva ás aulas máis de 51.000 alumnos no autobús compartido.

Tamén, neste mesmo período, transportou máis de 640.000 viaxeiros non escolares, multiplicando case por 8 a cifra do curso anterior. Cómpre lembrar que a nova modalidade de transporte posta en marcha coas novas concesións permite empregar as prazas baleiras do autobús escolar, levando o servizo de autobús autonómico onde antes non chegaba.

A elaboración e publicación desta memoria dá continuidade ao exercicio de transparencia por parte da Administración autonómica sobre o traballo realizado polo Goberno galego na mellora continua do transporte público.

Compílanse nesta memoria as actuacións desenvolvidas para a mellora do transporte público de titularidade autonómica desde o inicio, en 2016, do seu proceso de modernización, dirixidas a incrementar a oferta de servizos e establecer condicións máis económicas para os usuarios, permitindo a mellora das tarifas, que se traducen en aforros de ata un 60% no prezo dos billetes en relación coas antigas tarifas.

Así mesmo, analízase o funcionamento de todas as solucións innovadoras incorporadas polo Plan de transporte público de Galicia para ampliar a cobertura territorial do autobús interurbano, como son as modalidades do transporte compartido e os servizos baixo demanda.

Tamén se fai balance das medidas de mellora do servizo público de autobús interurbano adoptadas no período de xullo de 2021 a xuño de 2022, como a creación de servizos específicos para atender os desprazamentos das visitas aos cinco centros penais da comunidade, as adaptacións dos horarios do autobús para garantir a coordinación en Ourense cos servizos de tren pola chegada do AVE ata a cidade ou os avances na información dos servizos.

Os detalles da memoria

A memoria recolle os detalles da evolución da oferta de servizos en toda a comunidade, que mostra a súa consolidación cun crecemento sostido entre xullo de 2021 e xuño de 2022, ao sumar 116 novas liñas, máis de 2.800 paradas dispoñibles máis e case 28.500 servizos máis cada ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, no conxunto de Galicia, o número de liñas pasou de 3.379 a 3.495, o que supón un 3,4% máis; as paradas dispoñibles pasaron de 51.461 a 54.327, un 5,6% máis; e de 2,32 millóns de servizos ao ano a 2,35 millóns, un 1,2% máis.

A memoria dedica outro capítulo específico á revisión do crecemento da demanda de usuarios, que demostrou ser un aval á aposta da Xunta pola modernización do transporte interurbano. De xullo de 2021 a xuño de 2022, o número de viaxes incrementouse en 7 millóns sobre as realizadas no curso anterior, un 33% máis, ata superar os 27,6 millóns neses doce meses. Este aumento supón unha recuperación progresiva despois da caída de demanda motivada pola COVID-19.

Por provincias, A Coruña é a que rexistra tanto o maior incremento da oferta de servizos, con 26.000 circulacións máis ao ano, como da demanda de usuarios, que subiu un 42% con respecto ao período de xullo de 2020 a xuño de 2021, con 4,3 millóns máis de viaxes.

Outra das tendencias que recolle a memoria é a consolidación e o progresivo aumento do pagamento con tarxeta, que superou os 11,3 millóns de viaxes no período de doce meses que recolle a memoria.

Destaca, en particular, o uso da tarxeta Xente Nova, que practicamente se duplicou con respecto ao curso anterior e superou os 4,3 millóns de viaxes gratuítas para os mozos menores de 21 anos. O crecemento foi especialmente elevado na provincia de Lugo, superior ao 650%.

Ademais dos datos desagregados por provincias e áreas de transporte metropolitano, a memoria inclúe fichas por comarca coa evolución da oferta e a demanda no curso 2021/22.

A memoria fai balance tamén dos aspectos económicos do autobús interurbano, fundamentais na aposta da Xunta por promover o seu uso. Por un lado, no referido ao sistema tarifario máis económico e uniforme para os usuarios e ás múltiples posibilidades de bonificación que incorpora o Plan.

Por outra banda, o documento detalla o investimento necesario para garantir a prestación de servizos cunha maior cobertura territorial, prezos accesibles e un sistema viable para o sector do transporte. Durante os 12 meses a que se refire a memoria, a Xunta achegou máis de 76 M€ para financiar os servizos de autobús interurbano da comunidade.

Ademais, igual que a memoria anterior, o balance do curso 2021/22 dedica dous capítulos centrados directamente nos cidadáns, que poñen de manifesto o seguimento

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diario do funcionamento do transporte público e das novas necesidades de mobilidade que fai a Xunta.

Un deles explica a atención das achegas e suxestións formuladas polos usuarios, mentres o outro dá conta dos traballos de campo anuais que reforzan a revisión continua a que se someten os servizos de autobús interurbano co obxectivo de ofrecer un transporte mellor adaptado ás necesidades cambiantes dos cidadáns. A calidade dos servizos mantívose neste período, cunha puntuación global, por parte dos usuarios, que acadou o 7,9.

O último capítulo da memoria salienta o impacto no transporte público, entre xullo de 2021 e xuño de 2022, de dúas situacións extraordinarias que afectaron os servizos de autobús e os custos, como foron a COVID-19 e o incremento de prezos dos combustibles.

Este capítulo recolle as compensacións realizadas pola Xunta aos concesionarios para sufragar o déficit pola prestación dos servizos de transporte público por estrada e asegurar a continuidade dos servizos e do propio sector, así como dos empregos. Así, o Goberno galego inxectou 9,3 millóns de euros de liquidez por axudas fronte ao impacto da COVID-19 e máis de 960.000 euros para aliviar o déficit xerado polo encarecemento do combustible nos primeiros seis meses de 2022.

A Xunta convida a todos os interesados a descargar e consultar a memoria anual do Plan de transporte público de Galicia, que dá conta do traballo realizado polo Goberno galego na mellora continua do transporte público.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN CONXUNTA DA REDACCIÓN DE PROXECTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS ACCESOS AO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DA CORUÑA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 25 M€

- Trátase de redactar o proxecto de construción e executar o anel de circulación ao redor do Novo CHUAC, así como mellorar a funcionalidade dos accesos ao complexo, garantindo tamén o tránsito durante as obras
- Renovarase o acceso ao hospital público desde a AC-12, a vía estatal cuxa titularidade asume a Xunta para facilitar e garantir as comunicacións axeitadas ao hospital
- Habilitarase un anel perimetral que rodeará o Novo CHUAC ata a intersección coa rúa Curramontes e coa rúa Castaño de Eirís, incluíndo un viaduto para reducir a afección
- Como resultado da información pública realizáronse axustes de mellora, que permiten evitar calquera afección ao predio do pazo Guyatt
- Nos vindeiros días publicarase a licitación das obras, que terán un prazo de execución de 24 meses, fixándose as expropiacións para o 2º semestre deste ano
- Esta intervención reduce as expropiacións a 14 parcelas e evita a afección a vivendas, reducindo ao máximo o impacto na contorna e procurando a mellor integración no conxunto arquitectónico, de acordo coas demandas da veciñanza
- O Novo CHUAC é un proxecto estratéxico e prioritario xa en marcha ao que o Goberno galego destina un investimento de máis de 500 M€ para blindar a atención sanitaria da área da Coruña nas vindeiras décadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a licitación das obras dos accesos ao novo Hospital Público da Coruña, que suporán un investimento de preto de 25 millóns de euros.

Trátase de construír o anel de circulación ao redor do Novo CHUAC e mellorar a funcionalidade dos accesos ao complexo hospitalario garantindo, ademais, a prestación da asistencia sanitaria do hospital durante a execución das obras.

O contrato autorizado hoxe polo Goberno galego inclúe a redacción do proxecto construtivo e a execución das obras, que terán un prazo de 24 meses. Nos vindeiros días publicarase o anuncio de licitación do contrato por importe de preto de 24,2 M€. A este investimento hai que sumarlle o custo dos traballos de control e vixilancia das obras e as expropiacións, que se levarán a cabo no 2º semestre do ano.

En concreto, o proxecto de construción, ademais de definir as solucións técnicas que se van executar, incluírá o custo total das obras, así como o correspondente estudo de seguridade e saúde. Deberá, ademais, recoller as conexións axeitadas co viario e co propio Hospital

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

existente, así como a todos os servizos urbanos, cando corresponda, tendo sempre en conta que se trata dunha infraestrutura que debe estar sempre activa.

Segundo o proxecto de trazado de mellora dos accesos ao Hospital Público da Coruña, mediante este contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta defínense as actuacións para a construción dun novo enlace sobre a AC-12. Cómpre lembrar que a Xunta asinou o pasado mes de xuño o acordo para asumir a titularidade deste treito da vía estatal e facilitar así a tramitación da obra de mellora dos accesos.

Na intervención tamén se prevé a execución da parte máis importante do anel perimetral que rodeará o Novo CHUAC, ata a intersección co viario existente, no cruzamento da rúa Curramontes coa rúa Castaño de Eirís, con posibilidade de acceso ao aparcadoiro ou cara ao CHUAC polo viario existente.

Para reducir a afección ás vivendas da avenida da Pasaxe, o anel viario perimetral será elevado en estrutura, servindo como espazo para as instalacións do CHUAC e de acceso a el.

Como resultado da información pública, modificouse o modo de executar as obras na parte máis próxima Ás Xubias, de modo que se executará de xeito que evite calquera afección ao pazo Guyatt, ao seu predio e ao peche perimetral.

Tamén está previsto habilitar un aparcadoiro provisional novo ao oeste da rúa Curramontes e un acceso de saída cara á AC-10, que estará operativo durante as obras. Estes novos viarios permitirán manter os servizos actuais do hospital sen afección ao tráfico, así como habilitar os itinerarios necesarios para a construción do Novo CHUAC.

A complexidade e detalle desta actuación amósase tamén nos trazados e nas estruturas que se van executar.

Con respecto ao trazado, destacan os 21 eixes distintos, desde os principais ata pequenos ramais ou encontros; e a nova glorietta, que contará cun diámetro exterior de 41 metros. Ademais, coordínanse cos 5 viarios existentes cos que entronca, así como cos 5 eixes adicionais que se executarán adicionalmente co Novo CHUAC para completar a configuración final. A lonxitude de vías que se inclúen neste proxecto é de 4,09 km, que chegarán a 5,76 km co Novo CHUAC completo.

Na intervención incluíranse, ademais, 6 estruturas viarias, que suman 601,5 metros de lonxitude e inclúen: o novo paso superior da AC-12, de 158,8 metros de lonxitude, xunto a unha beirarrúa, ademais da sección para vehículos; o viaduto principal do anel, cunha lonxitude de 157,5 m; e 4 estruturas máis na ligazón da AC-12 no lado do CHUAC, incluíndo 3 pontes ou viadutos, e un paso inferior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O trazado dos accesos manterá as adaptacións do proxecto construtivo deseñado pola Xunta para reducir ao máximo o impacto na contorna e mellorar a súa integración no conxunto arquitectónico, atendendo así ás inxerencias da veciñanza. Este trazado conta coa declaración de impacto ambiental simplificada, garantindo ao máximo a integración e a funcionalidade, co menor impacto visual e integrado na trama urbana da cidade.

O deseño dos novos enlaces evita a afectación a vivendas e reduce as expropiacións a 14 predios. Así, a superficie de expropiación acadará os 18.131 m², dos que 14.735 m² serán de ocupación definitiva, sen que afecte ningunha vivenda, e os restantes 3.396 m² de ocupación temporal.

Proxecto estratéxico en marcha


O Novo CHUAC é un proxecto estratéxico e prioritario xa en marcha e no que están a traballar, conxuntamente, as consellerías de Sanidade e de Infraestruturas, cun investimento de máis de 500 M€ para blindar a atención sanitaria da área da Coruña nas vindeiras décadas.

O Goberno galego segue traballando para dotar a área da Coruña dun hospital de vangarda, un esforzo que se verá incrementado aínda máis ao facerse cargo a Administración autonómica tamén do incremento do prezo das expropiacións e dos accesos que correspondería asumir o Concello, para que o hospital conte cunhas conexións acordes e axeitadas a este grande equipamento sanitario.

Plano actuación do proxecto:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Plano situación final:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Infografías situación final:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABRE UN PERÍODO PARA A RECEPCIÓN DE PROPOSTAS QUE PERMITAN CONSOLIDAR E DINAMIZAR A REDE DE VIVEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA

- Conta con dúas liñas, unha destinada á proposta de medidas que se deberían implantar para consolidar e dinamizar os viveiros industriais existentes; e outra para identificar iniciativas, tanto de titularidade pública como privada, que sexan susceptibles de formar parte desta rede
- Dirixida a entidades da Administración local, empresas, clústeres e asociacións sen ánimo de lucro, o prazo desta manifestación de interese estará aberto ata o 28 de xullo e a información necesaria estará dispoñible na web da Consellería de Economía, Industria e Innovación
- Esta iniciativa enmárcase na folia de ruta do Goberno galego para impulsar unha nova industria avanzada, sustentable, innovadora e conectada, con capacidade para atraer grandes investimentos económicos
- A Xunta leva desde 2016 apoiando a implantación de viveiros industriais nos concellos galegos

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o lanzamento dunha convocatoria de manifestación de interese para a dinamización da Rede de viveiros industriais de Galicia. Desde xeito, o Goberno galego pretende coñecer as propostas de entidades locais, empresas, clústeres e asociacións sen ánimo de lucro co obxectivo de deseñar os instrumentos de apoio que mellor se adapten ás necesidades destas infraestruturas fundamentais para a atracción de investimentos.

A manifestación -que terá aberto o prazo para a recepción de propostas ata o vindeiro 28 de xullo a través da web da Consellería de Economía, Industria e Innovación- pretende identificar dous tipos de propostas.

Por unha banda, medidas que se poderían implantar para consolidar e dinamizar os viveiros industrias como, por exemplo, o fomento de sinerxías colaborativas con outras redes existentes como a de polos de emprendemento e apoio ao emprego ou a Axenda de impulso ás startup, actuacións de información e publicidade, servizos de apoio ou medidas de especialización do viveiro que se adaptan ás particularidades de cada localización.

Por outra banda, búscase contar cunha rede cohesionada e coordinada. Neste sentido, preténdese identificar e apoiar todas as iniciativas, tanto de titularidade pública como privada, que sexan susceptibles de formar parte dela. Unha vez que se conte con todas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as propostas, analizaranse co obxectivo de poñer en marcha novos instrumentos de apoio a principios do ano que vén.

Esta iniciativa enmárcase na folla de ruta do Goberno galego para impulsar unha nova industria avanzada, sustentable, innovadora e conectada con capacidade para atraer grandes investimentos, así como xerar emprego e riqueza. Este impulso realízase a través do fortalecemento da rede de parques e viveiros industriais, pero tamén coa aposta pola axilización e simplificación administrativa, a oferta de incentivos económicos ou a detección de cadeas de valor competitivas.

A Xunta leva ofrecendo apoios para a creación de viveiros industriais desde o ano 2006 que xa permitiron impulsar 24 infraestruturas deste tipo, das que sete están en construción actualmente, cunha axuda de 5 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 7,3 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DE BALÓNS ESPECIAIS DE DILATACIÓN CORONARIA PARA O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Os balóns de dilatación coronaria e valvular son necesarios para a realización de técnicas de cardioloxía intervencionista
- Os hospitais do Servizo Galego de Saúde realizaron máis de 47.000 intervencións de cardioloxía intervencionista entre os anos 2019 e 2022
- A contratación centralizada deste material suporá un aforro estimado en máis de 171.000 euros ao ano
- Trátase da segunda contratación centralizada deste tipo de material por parte do Sergas, tras investir en febreiro 6,3 millóns de euros na compra de balóns coronarios de tipo convencional, e coa que acadou un aforro medio que supera os 450.000 euros anuais

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a segunda compra centralizada de balóns de dilatación coronaria e valvular, neste caso de tipo especial, destinados ao conxunto de centros hospitalarios das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Así, o importe deste expediente ascende até os 7.389.279 euros, de cara aos vindeiros 5 anos.

En concreto, a presente contratación ten como finalidade a subministración sucesiva de diferentes tipos de balóns especiais de dilatación coronaria e valvular para ás áreas sanitarias da Coruña e Cee; Santiago e Barbanza; a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; e tamén para os hospitais da Área Sanitaria de Vigo.

O Servizo Galego de Saúde adquirirá diferentes tipos de catéteres que, pola súa vez, contan con funcionalidades específicas e son necesarios para a realización das técnicas de cardioloxía intervencionista que se practican nos centros sanitarios galegos.

Entre os tipos de balóns adquiridos neste expediente incorpóranse modelos que se caracterizan pola súa capacidade para a liberación de fármacos e que contan con demostrada eficacia no tratamento e a prevención das restenoses. Ademais, outros dos modelos que se mercan están destinados ás técnicas de valvuloplastias aórticas ou pulmonares e serven para implementar tratamentos ponte cara a outras terapias e, por último, tamén se adquirirá un tipo de balóns de dilatación coronaria indicados para as intervencións de lesións calcificadas.

As intervencións coronarias percutáneas (ICP) convertéronse nunha alternativa terapéutica tan válida como a cirurxía cardíaca en pacientes con cardiopatía isquémica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a complexidade técnica deste tipo de intervencións foi aumentado progresivamente ao longo dos últimos anos, entre outros motivos, por mor do desenvolvemento tecnolóxico continuo e a experiencia acumulada polos distintos grupos de traballo.

O número de intervencións de cardioloxía intervencionista practicadas nos hospitais do Servizo Galego de Saúde entre os anos 2019 e 2022 ascende ata as 47.139. En concreto, en 2019 practicáronse 12.713 intervencións, en 2020 foron 11.088, un total de 12.042 no ano 2021, e 12.042 no ano 2022.

Compra centralizada de material sanitario e aforro

O novo expediente enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta puxo en marcha nos últimos anos e que supón importante aforro para a Administración autonómica. Neste caso, trátase dun novo expediente que homoxeneiza a adquisición destes produtos para todo o sistema sanitario público galego, continuando coa senda marcada pola licitación do primeiro contrato centralizado para as sete áreas sanitarias, no ano 2017.

No caso particular dos balóns de dilatación coronaria, a autorización desta mañá é a segunda contratación deste tipo de material por parte do Servizo Galego de Saúde, despois da compra de balóns convencionais que se levou a cabo o pasado mes de febreiro por un importe de 6'3 millóns de euros, e que supuxo un aforro medio de máis de 450.000 euros ao ano (14%).

No caso do actual expediente, vencellado aos balóns de dilatación coronaria e valvular especiais, os prezos máximos de licitación incorporarán un aforro de máis 171.000 euros ao ano, o que suporá unha redución media dos prezos de compra dun 11,60%, sen prexuízo dos prezos finais que se alcancen coas baixadas na licitación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A 13 M€ O ORZAMENTO MOBILIZADO PARA APOIAR O EMPRENDEMENTO CO LANZAMENTO DUNHA NOVA LIÑA PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS E CONTRATACIÓNS

- O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anuncia que o Consello aprobou hoxe unha nova liña para consolidar proxectos que leven como máximo tres anos e medio en activo
- Destaca que estas achegas inclúen incentivos “de ata 6.000 € para impulsar a contratación de persoas desempregadas”
- A nova orde de axudas está dotada con 6M€ para financiar investimentos e a contratación de persoas desempregadas por emprendedores con ata 42 meses de actividade
- Súmase á referendada a semana pasada, que cunha dotación de 7M€ permitirá dar cobertura a investimentos realizados por emprendedores que arrancaron seus negocios a partir do 1 de xaneiro de 2021

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que o Consello autorizou activar unha nova liña de apoio ao emprendemento que estará dotada con seis millóns de euros para o período 2023-2024 e que se suma a aprobada a pasada semana, cun orzamento de sete millóns. “A Xunta investirá este ano 13 millóns de euros en dúas liñas de axudas para impulsar e consolidar negocios e empresas de recente creación”, indicou.

Tal e como explicou Calvo, coa iniciativa hoxe aprobada, o Goberno galego quere favorecer a continuidade e consolidación de iniciativas de emprendemento de persoas traballadoras autónomas, pemes e entidades da economía social cunha antigüidade máxima de 42 meses, é dicir, iniciativas “que leven menos de tres anos e cinco meses en activo”. Para acadalo, artéllanse achegas por investimentos, que poden acadar os 90.000 euros en función da súa intensidade, e incentivos á contratación de persoas desempregadas de 6.000 euros por contrato.

As entidades beneficiarias da orde poderán recibir pagamentos de entre 6.000 e 90.000 euros para compensar os seus investimentos (a partir dun mínimo de 10.000 euros) en equipamento informático, mobles, reforma de instalacións, ou bens de equipamento de segunda man, entre outros.

Ademais, tal e como explicou o vicepresidente primeiro, “esta liña de axudas inclúe incentivos de ata 6.000 euros para aqueles emprendedores que contraten a persoas desempregadas”. Para optar aos incentivos ao emprego, o empresariado debe solicitar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tamén os apoios ao investimento, polo que ambos son complementarios. Neste eido, a Xunta concederá 6.000 euros por cada incorporación de persoas desempregadas (inscritas como demandantes de emprego no servizo público) coas que se formalice un contrato inicial indefinido a tempo completo, ou un de carácter fixo-descontinuo durante un mínimo de 9 meses a xornada completa entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de outubro do mesmo ano.

Promoción do Emprego e Igualdade priorizará no proceso de concorrencia competitiva que se abrirá para conceder os apoios da convocatoria que a actividade estea inserida no ámbito da industria, a transformación e/ou comercialización de produtos, os servizos do ámbito da economía e coidados (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas escola...) ou da formación para o emprego en sectores prioritarios. Tamén recibirán valoración as iniciativas con base tecnolóxica ou de especialización intelixente, as da economía social, radicadas en contornas rurais e as que destaquen polo seu compromiso coa igualdade e a presenza de mulleres e polo emprego xerado.

Axudas convocadas

A liña hoxe aprobada completa o catálogo de apoios aprobados este ano pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no eido do emprendemento. Hoxe ábrese o prazo, que permanecerá vixente ata o próximo 29 de setembro, para que empresas creadas a partir do 1 de xaneiro de 2021 poidan recibir financiamento para dar cobertura aos investimentos realizados entre o 5 de novembro de 2022 e a data da solicitude.

A Xunta de Galicia está a destinar 7M€ a estas achegas que van de 3.000 euros para o mínimo investimento financiable (de 5.000 euros) ata os 30.000 euros para a máxima (100.000 euros) para dar cobertura a investimentos xa realizados (debidamente xustificadas mediante factura) en equipamento informático, melloras da eficiencia enerxética, adquisición de mobiliario, reforma e/ou habilitación de locais ou compra de equipamentos de segunda man, entre outros.

Con estas medidas, o Goberno galego segue a prestar apoio á consolidación de actividades económicas viables, que contribúan co seu esforzo á diversificación económica de Galicia, á creación de emprego de calidade e á sustentabilidade e equilibrio territorial, tanto en termos económicos como sociais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ 5,58 M€ EN 2023 PARA FINANCIAR PROXECTOS DE INNOVACIÓN NO AGRO GALEGO

- O Consello do Goberno galego autorizou a convocatoria das axudas para a execución de proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI) así como a exonerar aos beneficiarios da obriga de constituír garantías polas cantidades aboadas a conta
- A finalidade é impulsar a creación de grupos operativos que contribúan á consecución do obxectivo de modernizar a agricultura e as zonas rurais, fomentando o coñecemento, a innovación e a dixitalización mediante a mellora do acceso á investigación ou á formación.

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a convocatoria das axudas por parte da Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para a execución de proxectos innovadores dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC (Pepac) 2023-2027. Estas subvencións terán unha dotación de 5.580.000 euros.

A finalidade é impulsar a creación e o funcionamento de grupos operativos que contribúan á consecución do obxectivo de modernizar a agricultura e as zonas rurais, fomentando e poñendo en común o coñecemento, a innovación e a dixitalización mediante a mellora do acceso á investigación, á innovación ou á formación.

Os grupos operativos -que deberán estar formados polo menos por dous membros- teñen como finalidade promover novas formas de cooperación para a execución de proxectos innovadores. O obxectivo último é resolver un problema ou aproveitar unha oportunidade determinada nos sectores agroalimentario e forestal.

Os beneficiarios destes fondos poderán ser agricultores, gandeiros, silvicultores e organizacións representativas destes, investigadores ou persoas que desenvolvan por conta propia a súa actividade no eido do medio rural. Tamén, empresas do sector agrícola, gandeiro ou forestal e as súas organizacións representativas, cooperativas agrarias e as súas asociacións e outras entidades que demostren intereses no fomento da competitividade da agricultura, na sustentabilidade dos recursos naturais e do clima ou desenvolvemento das economías e comunidades rurais.

Liberados de presentar avais

Co fin de facilitar o acceso a estas axudas por parte destes beneficiarios, o Consello da Xunta acordou tamén hoxe exonerar os da obriga de constituición de garantías polas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cantidades aboadas á conta. Deste xeito, quedan liberados da obrigaón de presentar avais bancarios para poderen cobrar pagamentos parciais.

A decisión repercutirá positivamente sobre os beneficiarios en particular (industrias, cooperativas e empresas galegas de pequena dimensión) e, de modo xeral, sobre a aplicación efectiva da innovación dentro do sector agrogandeiro e forestal galego, coa conseguinte mellora para a sociedade no seu conxunto. Todo isto, tendo en conta que a transferencia de I+D+i ao sector primario beneficia tanto os diferentes elos da súa cadea de valor coma os consumidores en xeral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTARÁ ATA 66,4 M€ O ORZAMENTO DAS AXUDAS PARA REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE EDIFICIOS, CASE TRES VECES MÁIS QUE NA CONVOCATORIA ANTERIOR

- O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, explicou que se vai incrementar en 30 M€ a dotación inicial deste programa, convocado a mediados de xuño e que en 2022 se pechou cunha execución do 100%
- O Instituto Galego da Vivenda e Solo responde así á elevada demanda que están rexistrando estas subvencións, con preto de 650 solicitudes en menos de 3 semanas
- Explica que a previsión é chegar a financiar con axudas de como máximo 26.750 € actuacións que incidan na eficiencia e no aforro dos consumos a arredor de 6.800 vivendas, "o triplo que na convocatoria do pasado ano"
- En total e con esta ampliación, ofrecerase aos cidadáns máis de 73 M€ a través de 3 liñas de axudas para rehabilitar enerxeticamente vivendas e edificios residenciais

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que a Xunta "ampliara nun 80% o orzamento" para as axudas destinadas a realizar melloras enerxéticas en edificios de tipo residencial. O obxectivo, subliñou, é "coidar o medio ambiente e facer que os galegos aforren na factura da luz ou do gas".

En concreto, Calvo explicou que a Xunta incrementará en 30 millóns de euros a partida inicial para estas axudas, ata chegar a 66,4 millóns, "o que supón practicamente triplicar o orzamento destinado a estas achegas no pasado ano". O obxectivo "é poder beneficiar a 6.800 vivendas", o que tamén suporía o triplo que na convocatoria anterior.

O Consello foi informado esta mañá sobre a ampliación da partida inicialmente asignada pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a este programa, publicado no DOG a mediados do pasado mes de xuño e que en 2022, no marco da súa primeira convocatoria en Galicia, se saldou cunha execución do 100% e unha notable demanda.

Neste sentido, cómpre subliñar a boa resposta da cidadanía galega a esta nova orde de axudas para as actuacións a nivel de edificio. De feito, tal e como explicou Calvo, desde que o pasado 16 de xuño se abriu o prazo para poder acollerse a elas, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) "xa recibiu preto de 650 solicitudes".

Coa ampliación orzamentaria autorizada hoxe, polo tanto, a Xunta busca responder á "elevada demanda" que está despertando esta segunda convocatoria do programa, destinando a reforzar as axudas para rehabilitar edificios o groso do diñeiro que ten que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recibir Galicia no marco do terceiro reparto de fondos europeos para programas de mellora da eficiencia enerxética no eido residencial.

En concreto, o programa a nivel de edificio está destinado a apoiar a particulares, comunidades de veciños ou cooperativas propietarias de inmobles construídos antes do ano 2000 na execución de diferentes actuacións sobre a envolvente de edificios e construcións unifamiliares –como a renovación de fachadas e cubertas–, así como á substitución de equipos de calefacción e auga quente por outros que non utilicen enerxía fósil para lograr reducir os consumos en, como mínimo, un 30%.

A subvención a percibir poderá chegar ata os 26.750 euros se se trata dunha vivenda unifamiliar e ata os 23.500 euros se esta forma parte dun edificio colectivo residencial. A contía, en todo caso, dependerá do aforro enerxético acadado, do tipo de inmovle e dos ingresos do solicitante, de xeito que ante determinadas situacións de vulnerabilidade poderase cubrir incluso o 100% do custo das obras.

Execución total en 2022

O ano pasado, a primeira convocatoria desta liña de subvencións saldouse coa execución do 100% dos 22,8 millóns de euros dispoñibles, uns fondos que contribuíron a mellorar a eficiencia de 2.334 vivendas en toda Galicia.

Tendo en conta as estimacións feitas a partir deste balance e que agora se disporá practicamente do triplo de orzamento, o obxectivo do IGVS é poder chegar a financiar actuacións que incidan na eficiencia de arredor de 6.800 vivendas.

En todo caso, cómpre lembrar que o programa a nivel de edificio non é o único convocado pola Xunta este ano co fin de axudar a reducir os consumos e as emisións do parque residencial galego. O 15 de xuño publicáronse outras dúas liñas de subvencións: para actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas e para a elaboración do libro do edificio e redacción de proxectos de rehabilitación, ambas con prazo aberto.

En total e contando coa ampliación orzamentaria da que foi informado esta mañá o Consello, os propietarios de vivendas e edificios residenciais teñen á súa disposición máis de 73 millóns de euros en axudas a través de tres tipos de programas –edificio, vivenda e libro do edificio– dirixidos a financiar obras e reformas que melloren a eficiencia enerxética dos seus fogares. Un orzamento que, se estima, permitirá intervir sobre un total de 15.800 vivendas galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADXUDICOU XA O 70% DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA ORZADOS PARA 2023

O Goberno galego ten adxudicado xa no primeiro semestre o 70% dos 527 millóns de euros dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) previstos no orzamento inicial para 2023, é dicir 370M€. Así se recolle no informe presentado hoxe ao Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Tal e como se desprende do documento, a transformación verde e o transporte sustentable continúa a ser o ámbito co maior volume de fondos mobilizados en 2023 con case 177 millóns de euros adxudicados, seguido do de protección social e educación, con 68M€. E avánzanse tamén 59 millóns adicionais en convocatorias ou licitacións adxudicadas, correspondentes aos vindeiros exercicios do período de vixencia dos fondos MRR, que se estenden ata 2026.

O informe precisa tamén que, na actualidade, os recursos do Mecanismo de recuperación e resiliencia asignados polo Goberno central á Administración galega para o desenvolvemento de políticas públicas ascenden a 1.384M€, dos cales Galicia ingresou 1.207M€. O documento tamén incide no problema que supón a excesiva centralización dos fondos por parte do Goberno central, o que fai que os recursos se ingresen a medida que se concretan os destinos e obxectivos nas conferencias sectoriais de cada ministerio, atrasando a súa xestión.

Con todo, desde a posta en marcha do Plan de recuperación a Xunta publicou convocatorias por máis de 893 millóns de euros, dos que se adxudicou preto do 69% (616 M€).

No que se refire aos beneficiarios, cómpre salientar que, ata o de agora, preto de 33.000 persoas físicas, 7.300 autónomos, máis de 2.700 empresas e 200 entidades locais foron favorecidos cos fondos de recuperación xestionados pola Administración galega.

Pola súa banda, en canto aos PERTE, do total das asignacións anunciadas polo Goberno central (42.480M€), ata o de agora adxudicáronse 9.346€ (o 22%). Deste importe, só 416,5M€, un 4,4%, corresponde a proxectos en territorio galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA ESTE VERÁN UN PLAN DE 40 INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS EN XACEMENTOS DE TODA GALICIA

- O vicepresidente primeiro resalta que o obxectivo é “mellorar a súa conservación, afondar no seu estudo e dar a coñecer este patrimonio á cidadanía”
- O Goberno galego destinará 850.000€ a esta folla de ruta que inclúe tarefas de estudo, mellora, recuperación, divulgación ou sinalización en diferentes bens
- Os labores levaranse a cabo en circuitos megalíticos, petróglifos, campamentos romanos, mámoas, castros ou pecios, entre outros

O vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que a Xunta de Galicia impulsará este verán un Plan de intervencións arqueolóxicas con 40 actuacións en xacementos arqueolóxicos da Comunidade para contribuír á divulgación e recuperación da historia da Comunidade. “O obxectivo é mellorar a súa conservación, afondar no seu estudo e dar a coñecer este patrimonio á cidadanía”, indicou Calvo, que precisou que o Goberno galego investirá preto de 850.000 euros para tarefas de estudo, mellora, recuperación ou sinalización en diferentes bens.

Así informou hoxe o Consello da Xunta, que deu conta desta folla de ruta que forma parte da liña de traballo da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ao longo dos últimos anos para poñer en valor, investigar e dar a coñecer entre a sociedade os distintos xacementos históricos que existen en Galicia. “Galicia ten un rico patrimonio cultural no que os bens arqueolóxicos xogan un papel fundamental, destacando polo tanto polo número como pola variedade e calidade destes bens”, destacou o vicepresidente primeiro.

Así, en solitario ou en colaboración con institucións académicas e concellos, a Administración autonómica levará a cabo tarefas en espazos como circuitos megalíticos, petróglifos, campamentos romanos, mámoas, castros ou pecios, entre outros.

Neste senso, tal e como avanzou Calvo, na provincia da Coruña actuarase en seis espazos no que destaca a campaña que, un ano máis, se levará a cabo no campamento romano de Ciadella, no concello de Sobrado no que este ano está previsto inaugurar un espazo expositivo como complemento para as visitas guiadas. Ademais, faranse traballos de roza, limpeza e mantemento ou de investigación e conservación das pinturas no Dolmen de Pedra Cuberta de Vimianzo e tamén se actuará nos concellos de Coristanco, Fisterra, Porto do Son e Trazo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A provincia de Lugo, pola súa banda, "vai ser a provincia con máis intervencións" xa que está previsto executar preto dunha quincena este ano. Así, ademais da campaña subacuática no pecio San Giacomo de Ribadeo, que acaba de rematar, tamén se continuará cos traballos en Cova Eirós (Triacastela), Monte Cido (Folgozo do Courel), Castro de Santa María (Cervantes) ou no xacemento romano de Proendos (Sober). No Plan de intervencións arqueolóxicas inclúense tarefas nos concellos da Pobra do Brollón, Castro de Rei, Lugo, Navia de Suarna, Pantón e Portomarín.

Os traballos do Goberno galego no ámbito da arqueoloxía chegan tamén á provincia de Ourense, onde está previsto executar unha decena de actuacións. Neste caso, a campaña máis destacada é a que se levará a cabo no mes de setembro na área arqueolóxica de Maus de Salas, no concello de Muíños, que contén unha das máis importantes necrópoles megalíticas do sur da provincia. Actuarase tamén nos municipios de Allariz, Beariz, Boborás, Castro Caldelas, Lobios e Nogueira de Ramuín.

Na provincia de Pontevedra, o plan patrimonial contempla actuacións en sete xacementos. Neste caso cómpre salientar a campaña que acaba de comezar na zona arqueolóxica do Adro Vello, no concello do Grove, ou a que se puxo en marcha esta mesma semana no Castro de Pereiras, en Mos. O plan para esta provincia complétase con labores en Campo Lameiro, Lalín, Marín e Salvaterra do Miño.

Por último, inclúese unha partida de máis de 60.000€ para intervencións no conxunto do patrimonio arqueolóxico galego como "a limpeza de xacementos declarados ben de interese cultural (BIC), a monitorización de espazos afectados polo cambio climático e a prospección arqueolóxica para documentar xacementos", explicou o vicepresidente primeiro.

Ademais do traballo de campo, o compromiso do Goberno galego tamén inclúe tarefas de documentación, estudo e mesmo recuperación. É o caso das pezas atopadas durante as diferentes campañas subacuáticas que se levan a cabo en colaboración coa Armada Española e que son trasladadas ao Museo do Mar de Galicia para a súa restauración por parte de técnicos especialistas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PORÁ EN MARCHA O PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DO VIH 'URXENCIAS VIHXA' EN TODAS AS ÁREAS SANITARIAS GALEGAS

- O protocolo, coordinado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, e coa colaboración dos servizos de urxencias das sete áreas sanitarias do Sergas, busca reducir o atraso no diagnóstico do VIH, mellorando a saúde pública dos galegos
- As persoas cun resultado positivo serán citadas en axendas específicas de cribado do servizo asistencial correspondente, para garantir que entre o diagnóstico e o inicio do tratamento non pasen máis de 21 días

O Consello da Xunta abordou este xoves un informe da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade sobre a inminente posta en marcha do novo programa Urxencias VIHXA, nos 14 hospitais públicos e no hospital Povisa de Vigo. O seu obxectivo é incrementar a detección temperá desta enfermidade.

Os servizos de urxencias dos centros hospitalarios son un potente aliado na detección precoz do VIH, xa que atenden moitas persoas con situacións indicadoras da infección ou que comparten a mesma vía de transmisión. Así, estudos previos mostran a eficiencia de realizar cribados nos servizos de urxencias, onde se atopa unha porcentaxe de infección por VIH non diagnosticada do 0,6 %. Ademais, estímase que un 28 % das oportunidades diagnósticas perdidas da infección por VIH se dan nos servizos de urxencias, xa que neles se atenden perfís que non acoden habitualmente a outros niveis asistenciais.

Con base nisto, un grupo de expertos designados pola Sociedade Española de Medicina de Urxencias e Emerxencias (SEMES), desenvolveu unhas recomendacións para estes servizos, que priorizan determinadas situacións clínicas, seleccionadas pola súa elevada prevalencia en pacientes VIH positivos e pola alta frecuencia con que son atendidas en urxencias.

Nesta liña, e dado que o que se busca é a universalidade no acceso ás medidas de prevención e tratamentos que limiten o progreso desta enfermidade, desde a Dirección Xeral de Saúde Pública, e en colaboración co Servizo Galego de Saúde e as distintas áreas sanitarias, establecerase un proxecto a nivel global, en todos os servizos de Urxencias da comunidade autónoma.

O obxectivo xeral deste programa é diminuír o atraso diagnóstico do VIH, fomentando a súa detección precoz en determinadas situacións de risco. Dun xeito máis específico, persegue a homoxeneidade en todos os servizos de urxencias dos hospitais públicos do Sergas, do proceso para o cribado oportunista e VIH, así como das canles de derivación para a detección precoz de casos en determinadas situacións de maior prevalencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O público obxectivo deste programa son as persoas que acoden á consulta de Urgencias e que cumpren as seguintes condicións: ser maiores de 16 anos e non ter un diagnóstico positivo previo de VIH. Ademais, deberán presentar unha das seguintes situacións: pneumonía adquirida na comunidade (NAC) menores de 65 anos; herpes zóster (HZ) menores de 65 anos; síndrome mononucleósica; infeccións de transmisión sexual (ITS); profilaxe postexposición (PPE); ou práctica do chemsex.

As persoas cun resultado positivo serán citadas en axendas específicas de cribado do servizo asistencial correspondente, sen demora, para garantir un dos obxectivos da estratexia: conseguir que entre o diagnóstico e o inicio do tratamento non pasen máis de 21 días. Neste sentido, os procesos incluirán a entrevista do paciente e a realización de probas analíticas necesarias, fomentando a súa realización nun único acto para facilitar a adherencia ao proceso. Cada área sanitaria contará coa figura dun coordinador responsable deste programa de cribado de VIH, tanto no Servizo de Urgencias como no servizo asistencial que corresponda.

Outras medidas postas en marcha pola Xunta

Galicia leva anos cunha política decidida para aumentar a prevención e o diagnóstico precoz do VIH a través da execución de sucesivos plans galegos anti VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual.

Como consecuencia dese esforzo do sistema sanitario, a incidencia anual da infección en Galicia no período 2004-2021 foi de 6,4 casos por 100.000 habitantes, inferior á media nacional, que se sitúa en 10. Ademais, nos últimos oito anos apreciouse unha tendencia á diminución do VIH, que desde o 2013 se mantivo sempre por baixo dos sete casos por 100.000 habitantes. En 2021, a incidencia foi de 4,8 casos ao ano fronte aos 5,7 de 2019.

Para evitar a tardanza na detección, en 2011 Galicia puxo en marcha o Programa de probas rápidas. En dez anos realizáronse preto de 9.000 probas rápidas, que permitiron detectar máis de 136 casos. No ámbito do tratamento, a Xunta destinou máis de 50 millóns de euros anuais á atención de pacientes galegos infectados polo VIH, o 60 %, para fármacos antirretrovirais. Máis de 5.700 galegos se beneficiaron do tratamento. Ademais, nos últimos 13 anos, a Administración galega destinou máis de 2,6 millóns de euros en axudas a 30 entidades privadas sen ánimo de lucro de Galicia, unha cantidade que se ampliou en máis de 900.000 euros en 2022, ata superar os 3,5 millóns.

Dentro dese apoio ás entidades para programas de prevención, o pasado mes de xuño, a Consellería de Sanidade e o Comité cidadán antisida da Coruña (Casco), asinaron un convenio de colaboración para o establecemento de relacións de colaboración,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destinado ao fomento e detección temperá da infección polo VIH e o virus da hepatite C en persoas vulnerables en zonas de ocio do Concello da Coruña. En virtude deste, realizarase un programa piloto dunha duración de seis meses, que se levará a cabo a través dunha unidade móbil (VIHxía móbil), e para o que Sanidade achegará a Casco un total de 18.000 euros.

O programa, coordinado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, pretende mellorar as actuacións existentes no eido da prevención do VIH e do VHC e fomentar o uso de probas rápidas de detección precoz, achegando estas actividades aos lugares e momentos de ocio, para captar un maior número de persoas vulnerables.

Por outra banda, e dentro da estratexia da Xunta para potenciar a prevención e o control das enfermidades transmisibles, destaca tamén o Programa de detección da hepatite C, que busca ofrecer a detección desta doenza ás persoas de entre 50 e 59 anos que acudan a unha consulta médica, ao hospital ou ao seu centro de saúde, ás cales se lles indique a realización dunha analítica por calquera outro motivo. Neste momento está en marcha nas áreas sanitarias de Santiago e Barbanza, Pontevedra e O Salnés, A Coruña e Cee, Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ferrol e Vigo, coa intención de que complete este ano a súa extensión á totalidade das áreas sanitarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA